



ÁREAS DE REHABILITACIÓN

## IMPRESO 2

### DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓNS

(A CUBRIR POLA PERSOA REPRESENTANTE PROPIETARIO/A DAS VIVENDAS OU LOCAIS QUE PARTICIPAN NA SUBVENCIÓN)

### ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE FERROL

#### DECLARACIÓNS

##### A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Ningún dos propietarios da vivenda /local está incurso en ningunha clase de prohibición para a obtención de axudas previstas no artigo 10 da Lei 9 / 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da lei 38/2013 do 17 de novembro, lei xeral de subvencións.

4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2º g) da Lei 9 / 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11 / 2009, do 8 de xaneiro.

5. Que non se revogou ningunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda, por causas imputables a esta persoa solicitante.

6. Que cumpren todos os requisitos legais para ser beneficiario.

#### AUTORIZACIÓNS

Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público e autonómico de Galicia, para consultar a documentación relacionada con esta subvención.

Así mesmo, declaro que dita información está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde. Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

En cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade das administracións local, autonómica e estatal, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante as administracións correspondentes.

Os datos persoais facilitados neste procedemento, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o procedemento correspondente á presente convocatoria.

O Concello de Ferrol ten a condición de responsable deses datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar na convocatoria.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e comprobados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, ante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Ferrol). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal [www.ferrol.gal](http://www.ferrol.gal).

##### LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivienda 2018-2021 e RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa.

#### SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS DO/A PRESIDENTE/A DA VIVENDA / LOCAL (PERSOA ASINADA NO IMPRESO 1)

NIF



Lugar e data

 ,  de  de